

ACTA NUM. 14/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 24 DE OUTUBRO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinte horas trinta minutos do día vintecatro de outubro de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

D. Manuel Rivas Reboredo

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

D. Roberto Rivas Reboredo.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

ORDE DO DIA

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

2.- ORZAMENTO 2013.

3.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA REDE SUMIDOIROS.

5.- EXPEDIENTE 4/2012 DE TRANSFERENCIA DE CREDITO

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Dada conta das actas anteriores das sesións de datas 26-07-2012 e 22-09-2012 non se formulan observacións e apróbanse por unanimidade.

2.- ORZAMENTO 2013.

Da conta do orzamento para o exercicio de 2013 sinalando que esta axustado as previsións de ingresos sin anexo de inversión tendo en conta a baixada dos ingresos e da participacion nos tributos do Estado pola crisis e as obrigas impostas polo Ministerio de Facenda os concellos a traves de medidas como o plan de axuste, que dende o concello non se cargou os veciños con impostos chegando incluso a non cobrar durante anos polas licencias urbanísticas.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Sr. Fernandez Abraldes sinalando que o orzamento é o resultado da xestión de anos anteriores na que se facían uns orzamentos inflados que deron lugar os desaxustes que agora temos que soportar xunto co incremento de impostos e a imposibilidade de levar a cabo inversións e anuncia o voto en contra do seu grupo.

Sr. Sanmartín Soto, felicita pola elaboración dos orzamentos en prazo e cuestiona a falta de inversións fronte as necesidades e carencias no concello.

O asunto foi dictaminado en Comisión informativa de asuntos do pleno de data 24/10/12.

Sometido o asunto a votación, a corporación municipal ACORDA por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 votos en contra; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

ORZAMENTO DE GASTOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Gastos de persoal	492.400,00
2	Gastos correntes en bens e servizos	990.900,00
3	Gastos financeiros	86.000,00
4	Transferencias correntes	50.440,00
6	Investimentos reais	21.000,00
7	Transferencias de capital	200,00
8	Activos financeiros	3.000,00
9	Pasivos financeiros	46.200,00
	TOTAL	1.690.140,00

ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPÍTULO	CONCEPTO	IMPORTE
1	Impostos directos	697.100,00
2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	222.700,00
4	Transferencias correntes	716.600,00
5	Ingresos patrimoniais	18.740,00
6	Alleamento de investimentos reais	300,00
7	Transferencias de capital	800,00
8	Activos financeiros	3.400,00
9	Pasivos financeiros	500,00
	TOTAL	1.690.140,00

Segundo.- Aprobación das retribucións do persoal con aplicación dos incrementos que resulten da aprobación da Lei de Orzamentos Xerais do Estado

PLANTILLA DE POSTOS DE TRABAJO

A) POSTOS DE TRABAJO RESERVADOS A FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación	nº	vacantes	Grupo	Nivel C.D.	C.Espec.
A)HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL					
Secretario-Interventor	1	---	A1	26	19.211,78
B)ESCALA DE ADMON. XERAL.					
<u>Subescala Técnica</u>					
Técnico Medio Xestión	1	---	A2	24	11.821,60
<u>Subescala Administrativa</u>					
Administrativo	1	---	C1	22	5.387,76

B) POSTOS DE TRABAJO SUXEITOS Á LEXISLACIÓN LABORAL

B.1.- PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación	vacant.	nº postos	Situación	Retribucións
Asistente Social	---	1	laboral fixo	28.347,42
Conserxe Grupo Escolar	---	1	laboral fixo	19.492,70
Operario 1	--	1	laboral fixo	16.586,96

B.2.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	n ° prazas	vacantes	situación
Informador Xuvenil	1	0	temporal
Arquitecto-Técnico	1	0	temporal
Auxiliar	1	0	temporal
Auxiliar Secretario xulgado.	1	0	temporal
Oficiais 1ª	2	0	temporal
Monitor deportivo	1	0	temporal

Terceiro.- Aproba-las bases de execución do orzamento expresado.

Cuarto.- Aprobación dos importes que se detallan por asistencias dos membros da corporación:

Concelleiros:

- Asistencias a sesións das Comisións Informativas: 50,00 €
- Asistencias a sesións da Xunta de Goberno Local: 70,00 €
- Asistencias a sesións do Pleno: 100,00 €

Alcalde:

- Asistencias a sesións das Comisións Informativas, Xunta de Goberno Local e Pleno: 300 € sin límite de contía anual.

Quinto.- Expoñer ó público o orzamento aprobado polo prazo de 15 días no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello para os efectos de reclamacións, que se considerara definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións, sin necesidade de adopción de novo acordo.

3.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACION DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA.

Polo Sr. Alcalde dase conta da necesidade de actualizar as taxas do

abastecimento de auga tendo en conta os costes do servizo e que para a fixación das tarifas se fixo un estudo comparativo cos concellos da comarca como Meis, Meaño, Portas, Caldas de Reis para chagar a aplicar unhas subidas razoables as mais baixas dos concello analizados.

Sr. Fernandez Abraldes, que entende a necesidade de pagar polo servizo para evitar agravios comparativos con veciños que non os utilizan pero non é admisible en épocas de crisis facer subidas de impostos tendo en conta a precaria situación de moitas familias.

Sr. Sanmartín Soto, que ademais de citar as tarifas que aplican outros concellos cada un debe facer os seus propios cálculos tendo tamén en conta as posibilidades dos veciños.

O asunto foi dictaminado en sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 24/10/2012.

Sometido o asunto a votación, a corporación municipal ACORDA por maioría, absoluta con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 abstencións; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

Primeiro.- Aprobar provisional a ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecimento de auga que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello de Barro establece a Taxa pola prestación do servizo de distribución de auga, a que se refire o artigo 20.4.t) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de distribución de auga potable polo Concello de Barro, incluídos os dereitos de acometida á rede e colocación e mantemento/utilización de contadores e instalacións análogas.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nos que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2.- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmobles, que poderán repercutir no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5.- BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse só os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de abastecemento de auga.

ARTIGO 7.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota da taxa regulada será a que figura no anexo desta Ordenanza.

2.- O importe da taxa por reenganche nos supostos de corte de subministro por impago, establécese en 100 € por xestión.

3.- Os subministros que non posúan contador, considerarase que o consumo rexistrado, por tanto a facturar, é de 250 m³ por semestre.

4.- As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica, tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

4.- As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa independente da vivenda. Ao cesar a actividade, causará baixa no padrón fiscal, tributando só a vivenda.

ARTIGO 8.- DEVENGO

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade, dado que estamos nun suposto de devengo instantáneo.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada semestre natural, excepto no momento da alta no padrón, en cuxo caso, devengarase a partires dese momento.

ARTIGO 9.- PERÍODO IMPOSITIVO

Cando se trate de servizos periódicos, o período impositivo será de semestres naturais, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá desde o día da alta ata a finalización do período impositivo, e no caso de baixa, desde o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.

ARTIGO 10.- DECLARACIÓNS

1.- Presentarase ante o Concello as declaracións de alta, baixa ou modificacións no servizo. As declaracións producirán efectos dende a súa presentación no suposto de baixa, e dende a efectividade da alta ou modificación nos demais supostos.

2.- Toda declaración de alta deberá achegar:

a) Identificación do contribuínte (achegando copia do NIF) ou no seu caso, substituto do contribuínte (achegando copias do NIF do mesmo e do contribuínte).

b) Copia do título de propiedade do ben obxecto do servizo.

3.- Nas declaracións de modificación (de calquera tipo), deberanse achegar os documentos que a xustificuen.

4.- O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa, que teñan repercusións aos efectos da exacción da taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello, dentro dos 15 días naturais seguintes á efectividade da modificación da situación inicial.

5.- Nos casos nos que proceda, establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas pola xestión da rede de sumidoiros.

ARTIGO 11.- PADRÓN DA TAXA

1.- A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo ao contribuínte, ou no seu caso, ao substituto do contribuínte.

2.- O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico, nas entidades que se sinalen nos recibos emitidos.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

3.- O cobro das cotas realizarase semestralmente.

4.- Os padróns emitidos, unha vez aprobados polo órgano competente expóranse ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello.

En todo caso expóranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 12.- LIQUIDACIÓN E INGRESO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE DEVENGO INSTANTÁNEO

Cando se trate de servizos ou actividades cuxa cuantificación sexa posible no momento da presentación da solicitude de prestación, será liquidada nese mesmo momento ou en momento posterior, pero sempre con carácter previo á prestación do servizo ou realización da actividade.

Si se realiza a prestación do servizo ou actividade sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar a taxa tan pronto se detecte esta situación.

Nestes supostos o ingreso efectuarase nos prazos e lugares que se indiquen na notificación da liquidación e nos prazos previstos na normativa tributaria, para liquidacións de contraído previo, sen prexuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria no último dos supostos referidos.

Cando se trate de liquidacións periódicas, nos prazos e nos lugares que se sinalen no edicto de exposición ó público.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrara en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

Concepto Euros

SERVICIO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA

A) Altas de conexión:

Conexión á rede 150 €

Cando non sexa posible coloca-lo contador na beirarrúa o solicitante deberá aboar pola distancia entre este e a conexión coa rede 6,00 € por metro lineal,

B) Subministro e colocación de contador: prezo de custe

C) Consumos por

Vivendas, fincas que teñan licenza para edificar e actividades

Mínimo: Consumo inferior a 90 m³ ó semestre 30 €

Exceso: De 90 m³ a 250 m³ ó semestre 0,50 €/m³

Exceso: Superior a 250 m³ ó semestre 0,90 €/m³

Segundo.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA REDE SUMIDOIROS.

Polo Sr. Alcalde dase conta da proposta de tarifas a incorporar a nova ordenanza de sumidoiros tendo en conta que o concello ten xa dúas depuradoras en funcionamento e esta ampliando a rede de sumidoiros en distintas parroquias do concello. Sinala que ante o incremento no coste do servizo o qu hai qu engadir o matenimento e consumo de enerxía eléctrica das depuradoras polo que é necesario contar co aportación dos veciños a través das taxas para minorar o déficit existente.

O asunto foi dictaminado en sesión da Comisión Informativa de asuntos do pleno de data 24/10/2012.

Sometido o asunto a votación, a corporación municipal ACORDA por maioría, con 6 votos a favor; votan Sres. Roig Olona, Fontán Outón, M. Rivas Reboredo, Varela Magariños, Iglesias González e Sr. Alcalde (P.P.) e 5 abstencións; votan Sres. Fernández Abraldes, Castro Calviño, R. Rivas Reboredo (BNG) e Sres. Sanmartín Soto e Canay Pintos (PSOE):

Primeiro.- Aprobar provisional a ordenanza fiscal reguladora da taxa da rede de sumidoiros que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello de Barro establece a Taxa da rede de sumidoiro, a que se refire o artigo 20.4.r) do citado Real Decreto Lexislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- *Constitúe o feito impoñible desta taxa :*

- a) *A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a acometida á rede de sumidoiros municipal.*
- b) *A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.*
- c) *O mantemento integral do sistema de rede de sumidoiros de augas residuais.*

2.- *Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e a súa depuración teñen carácter obrigatorio para todas os inmobles do Municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista rede de sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e o límite da propiedade non exceda de 20 metros, devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectuar a acometida á rede, agás que exista imposibilidade de realiza-la obra, previo informe técnico municipal.*

3.- *Non estarán suxeitas á taxa os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso da rede de sumidoiros.*

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS

1.- *Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire*

o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que se atopen nos supostos seguintes:

a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufructuario ou titular do dominio útil do inmovible.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) e c) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios dos inmobles do termo municipal, beneficiarios de devanditos servizos, calquera que sexa o título polo que o faga.

2.- En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte, o propietario do inmovible, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4.- RESPONSABLES

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

ARTIGO 5.- BENEFICIOS FISCAIS

Aplicaranse só os beneficios fiscais que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6.- BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo da rede de sumidoiro.

ARTIGO 7.- COTA TRIBUTARIA

1.- A cota da taxa regulada será a que figura no anexo desta Ordenanza

2.- As vivendas onde ademais se realice unha actividade económica, tributarán pola tarifa máis alta que lles corresponda.

3.- As vivendas unifamiliares onde se realice unha actividade económica tributarán cada un polo seu uso sempre que o local dispoña de acceso directo dende a rúa independente da vivenda. Ao cesar a actividade, causará baixa no padrón fiscal, tributando só a vivenda.

ARTIGO 8.- DEVENGO

a) Cando se trate de servizos non periódicos:

Devengarase a taxa e nacerá a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade, dado que estamos nun suposto de devengo instantáneo.

b) Cando se trate de servizos periódicos:

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír o primeiro día de cada ano natural, excepto no momento da alta no padrón, en cuxo caso, devengarase a partires dese momento.

ARTIGO 9.- PERÍODO IMPOSITIVO

Cando se trate de servizos periódicos, o período impositivo coincidirá co ano natural, salvo no caso de alta no servizo que abranguerá desde o día da alta ata a finalización do período impositivo, e no caso de baixa, desde o primeiro día do período impositivo ata o día da baixa.

ARTIGO 10.- TAXA POR ACOMETIDA: LIQUIDACIÓN E INGRESO DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DESTE SERVIZO

1.- A taxa esixirase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co exposto no art. 27.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- As persoas interesadas na obtención dunha licenza de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente declaración ou autoliquidación e efectuarán o seu ingreso nas contas bancarias indicadas e presentarán xuntamente coa súa solicitude xustificante bancario do ingreso efectuado.

3.- Si se realiza a prestación do servizo ou actividade sin mediar solicitude de licenza de acometida, procederase a liquidar e notificar a taxa tan pronto se detecte esta situación.

Nestes supostos o ingreso efectuarese nos prazos e lugares que se indiquen na notificación da liquidación e nos prazos previstos na normativa tributaria, para liquidacións de contraído previo, sin perxuízo da apertura do oportuno expediente sancionador por infracción tributaria no último dos supostos referidos.

Unha vez autorizada a acometida, a xestión e recadación desta taxa acomodarse ao procedemento previsto para os valores recibo (padrón).

ARTIGO 11.- DECLARACIÓN

1.- Presentarase ante o Concello as declaracións de alta, baixa ou modificacións no servizo. As declaracións producirán efectos dende a súa presentación no suposto de baixa, e dende a efectividade da alta ou modificación nos demais supostos.

2.- Toda declaración de alta deberá achegar:

a) Identificación do contribuínte (achegando copia do NIF) ou no seu caso, substituto do contribuínte (achegando copias do NIF do mesmo e do contribuínte).

b) Copia do título de propiedade do ben obxecto do servizo.

3.- Nas declaracións de modificación (de calquera tipo), deberanse achegar os documentos que a xustifiquen.

4.- O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmobles ou actividades gravadas pola taxa, que teñan repercusións aos efectos da exacción da taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello, dentro dos 15 días naturais seguintes á efectividade da modificación da situación inicial.

ARTIGO 12.- PADRÓN DA TAXA

1.- A exacción desta taxa efectuarase mediante recibo ao contribuínte, ou no seu caso, ao substituto do contribuínte.

2.- O cobro dos recibos poderase facer:

a) En metálico, nas entidades que se sinalen nos recibos emitidos.

b) Ou mediante domiciliación bancaria.

3.- O cobro das cotas realizarase anualmente.

4.- Os padróns emitidos, unha vez aprobados polo órgano competente expóranse ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello.

En todo caso expóranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

ARTIGO 13.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Nesta materia estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A partir da data de entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal, queda derogada a anterior Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa da Rede de Sumidoiro.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrara en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

“ANEXO DA REDE DE SUMIDOIRO”

Concepto Euros

A) Altas de conexión:

Conexión á rede, ata 10 metros lineais de tubo 150,00 €

Máis de 10 metros 50 €/m.l

B) Cota fixa:

a) Vivenda: (unidade) 40 €

b) Actividades comerciais menores (anexo II) 70 €

c) Hostalería menor (anexo III) 100 €

d) Actividades industriais (anexo IV) 130 €

ANEXO I

— *Vivendas ocupadas ou desocupadas; Bungalows, Galpones, Alpendres (en fincas sen construción principal con uso distinto ou meramente agropecuario, aínda que teñan un uso temporal).*

ANEXO II

— *Establecementos dedicados a venda en xeral (abonos, alimentación, mercadorías, calzados, roupa e similares).*
— *Academias de ensino, autoescolas*
— *Aluger de coches, Axencias de viaxes.*
— *Estudios arquitectura, despachos de avogado*
— *Asesorías, contabilidade, seguros, xestorías*
— *Exposición e venda coches, motocicletas, cociñas...*
— *Clínica dental*
— *Confitería , pastelería, lambetadas, panaderías dedicadas á venda*
— *Copistería, prensa, quioscos*
— *Decoración e interiorismo*
— *Estación autobuses*
— *Estancos, loterías*
— *Farmacias, consulta médicos*
— *Fotografía, informática, librerías*
— *Garderías, escolas, institutos de ensinanza*
— *Inmobiliarias*
— *Notaría; nutrición e dietética-venda;*
— *Oficinas; ópticas; organización nacional de cegos; ortopedia.*
— *Pompas fúnebres*
— *Salóns de beleza; sanatorios; saunas e masaxes*
— *Teatros*
— *Tintorerías*
— *Veterinario-consulta; video club; viveiros de plantas;*
— *Ximnasia; xeladerías; xogos recreativos*

ANEXO III

— *Café-bar (con o sin comidas), cafeterías; casas de comidas;*
— *Hamburgueserías, bocaterías*
— *Pizzerías; pub*
— *Taberna*

ANEXO IV

— *Talleres (automóbil, bicicletas, cadros e molduras, relojería, carpintería, metálica, fontanería, ebanistería e similares)*
— *Bancos e Caixas de aforro.*
— *Hoteis, hostais , hospedaxes, casas de turismo rural.*
— *Restaurante, churrasquería, mesón, .*
— *Discotecas, salas de festa, salóns de baile.*
— *Elaboración e envasado de viños, produtos cárnicos, etc.*
— *Fábricas, industrias transformadoras de alimentos, panaderías*
— *Imprentas*
— *Laboratorios*
— *Maquinaria industrial, material construción*
— *Supermercados*
— *Servizos técnicos reparación electrodomésticos*
— *Adegas*
— *Invernadoiros con actividade comercial*

Segundo.- Someter a ordenanza e o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o seguinte

ao da publicación no B.O.P. no que os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo de aprobación provisional de conformidade co previsto no art. 17.3 do R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo.

5.- EXPEDIENTE 4/2012 DE TRANSFERENCIA DE CREDITO

Dase conta do expediente de transferencia de crédito 4/2012 tramitado para a dotación da partidas correspondentes a xuros de prestamos motivado para facer fronte aos xuros do préstamo formalizado no mes de abril co BANCO POPULAR ao abeiro do Rdl 4/2012, para pago a provedores, non estando previsto o citado prestamo ao inicio do exercicio e sendo insuficiente a consignación na partida para o pagamento de xuros.

No expediente consta informe do Secretario Interventor polo que se informa sobre o procedemento para a tramitación do expediente conforme o establecido nos artigos 179 e 180 do Rdl. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigos 40,41 e 42 do R.D. 500/90 de 20 de abril e ó establecido nas bases de execución do presuposto.

O asunto foi dictaminado en comisión informativa de data 24 de outubro de 2012.

Sometido a asunto a votación, ACORDASE POR UNANIMIDADE:

Primeiro.- Prestar aprobación o expediente de transferencia de crédito según se propón no expediente confeccionado ó efecto, que en conxunto, son as seguintes:

Partidas de gastos con créditos en baixa

PARTIDA	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	IMPORTE EN BAIXA
41922699	FESTAO DO VIÑO	50000	6000
32145000	TRANSFERENCIAS A CC.AA	30000	30000
		SUMA	36000

Partidas de gastos con créditos en alta

PARTIDA	DENOMINACION	CREDITO INICIAL	IMPORTE EN ALTA
1191102	AMORTIZACION PRETAMOS L.P. DO S.P.	80000	26000
1131000	XUROS DE PRETAMOS	30000	10000
TOTAL ALTAS IGUAL A BAIXAS			36000

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con exposición o público, os efectos de reclamacións.

Terceiro.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse, en ambos trámites, a publicación no B.O.P. E e no Tablón de Edictos do Concello.

A sesión rematou ó fin das vinte e unha horas . Dou fe.